

**Resolución reitoral de corrección de erros da resolución reitoral do 24 de setembro de 2024 pola que se convocan premios ao mellor Traballo Fin de Grao/Traballo Fin de Máster en temáticas relacionadas coa Axenda 2030, a Cooperación ao Desenvolvemento e a Responsabilidade Social Corporativa (RSC) no curso académico 2023/2024.**

Detectado erro material na base **1. OBXECTO** da convocatoria de premios ao mellor Traballo Fin de Grao/Traballo Fin de Máster en temáticas relacionadas coa Axenda 2030, a Cooperación ao Desenvolvemento e a Responsabilidade Social Corporativa (RSC) no curso académico 2023/2024 na que se establece:

Convócanse premios distribuídos do seguinte xeito:

- a) Premios para TFG en función do ámbito de coñecemento de pertenza dos estudos:
  - *Artes e Humanidades: 1*
  - *Ciencias e Ciencias da Saúde: 1*
  - *Ciencias Sociais e Xurídicas: 2*
  - *Enxeñaría e Arquitectura: 1*
- b) Premios para TFM en función do ámbito de coñecemento de pertenza dos estudos:
  - *Artes e Humanidades: 1*
  - *Ciencias e Ciencias da Saúde: 1*
  - *Ciencias Sociais e Xurídicas: 2*
  - *Enxeñaría e Arquitectura: 1*

De acordo co establecido na base 4 da convocatoria na que se establece o orzamento destinado a 18 premios.

Visto o artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas

#### **ESTA REITORÍA RESOLVE**

Modificar a devandita base que queda redactada do seguinte xeito:

Convócanse premios distribuídos do seguinte xeito:

- c) Premios para TFG en función do ámbito de coñecemento de pertenza dos estudos:
  - *Artes e Humanidades: 2*
  - *Ciencias e Ciencias da Saúde: 2*
  - *Ciencias Sociais e Xurídicas: 3*
  - *Enxeñaría e Arquitectura: 2*
- d) Premios para TFM en función do ámbito de coñecemento de pertenza dos estudos:
  - *Artes e Humanidades: 2*
  - *Ciencias e Ciencias da Saúde: 2*
  - *Ciencias Sociais e Xurídicas: 3*
  - *Enxeñaría e Arquitectura: 2*

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.



Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, na data de sinatura electrónica  
O reitor

Por delegación RR 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)  
A vicerreitora de Extensión Universitaria  
Susana María Reborada Morillo



**CSV : GEN-f586-1778-a74b-d08c-9573-66de-3c34-176b**

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pt/valida>

**FIRMANTE(1) : SUSANA MARIA REBORDA MORILLO | FECHA : 11/11/2024 10:21 | NOTAS : F**